|---|---|---|---|
| CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización. | Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos financeiros, definindoos e calculando o seu custo correctamente. | PE | 60 |
| CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios. | Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora para un proxecto empresarial ficticio propio vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos financeiros necesarios e dispoñibles. Calculando o custo destes. | | |
| CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto. | Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres para levar a cabo unha simulación empresarial na que se tomen decisións nos campos da financiación e a inversión. | TI | 40 |
| CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva | Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta simulando un departamento financeiro dunha empresa, ou unha empresa do campo das finanzas para tomar decisións de forma colectiva en canto a decisións de financiación e inversión. | | |
| CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto. | Planificar e poñer en marcha un proxecto viable seleccioando as fontes de financiación que se empregarán e calculando o seu custo correctamente. | | |
| CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste. | Presentar e expoñer, con claridade e coherencia (ainda que poidan existir certas redundancias e erros no discurso) os acordos acadados en materia de financiación dun proxecto empresarial ficticio. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 13 | Do reto ao producto | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa. | Poñer en marcha un proxecto viable, deseñando o producto ou servizo a comercializar e analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles requeridos no proceso, tendo en conta a súa dispoñibilidade e o seu custo. | PE | 60 |
| CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións. | Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos materiais, humanos e financeiros coñecendo as súas características (entre elas o seu custo) e aplicándoas ao proceso de deseño dun producto ficticio. | | |
| CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións. | Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor no que se leve a cabo o deseño completo dun producto. | TI | 40 |
| CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna. | Superar os retos propostos na elaboración dun producto ficticio a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna nas tres vertentes ASG e mais na económica. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O reto ou o desafío como obxectivo. |
| - Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo. |
| - Desenvolvemento áxil do produto. |
| - Técnicas e ferramentas de prototipado rápido. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 14 | Análise da competencia e saída ao mercado. | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións. | Utilizar con autonomía as estratexias de captación e de xestión de recursos vistas na aula, coñecendo as súas características e aplicándoas a un proceso productivo ficticio, analizando o seu impacto sobre as empresas do sector e demáis grupos de interese. | PE | 60 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste. | Utilizar unha estratexia de deseño e execución do prototipo final utilizando un método de traballo áxil e analizar de forma crítica o proceso de deseño e execución deste proceso e propoñendo por o menos duas opcións de mellora. | | |
| CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións. | Adaptarse a contornas complexas analizando as catacterísticas principais do mercado e do entorno xeral e específico, cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, | TI | 40 |
| CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna. | Superar os retos propostos a partir dunha idea e solución innovadoras e sostibles analizando o impacto desta idea sobre o mercado e sobre as vendas da competencia. | | |
| CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa. | Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación dun proxecto, analizando o impacto sobre o mercado do uso deses recursos e da saída ao mercado do produto. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas.<br>- Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión.<br>- Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 15 | Viabilidade e forma xurídica | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos. | Aplicar con coherencia os contidos asimilados en materia de análisis de viabilidade, aplicando correctamente formas de análsise como o VAN, o TIR e os demáis vistos no curso e os contidos sobre forma xurídica. | PE | 60 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios. | Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios relacionados coa análise da viabilidade económica e financeira e coa selección da forma xurídica mais acorde ás necesidades da empresa. | | |
| CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa. | Poñer en marcha un proxecto viable analizando a súa viabilidade económica a partir de tres indicadores e elexir a forma xurídica mais acorde á empresa e os recursos necesarios para poñer en marcha o proxecto. | TI | 40 |
| CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento. | Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos no campo da forma xurídica das empresas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica. |
| - O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 156/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Debido ás características do grupo traballarase tanto de xeito individual (resolución de boletíns de exercicios, búsqueda de información, elaboración de traballos de investigación) como en parellas ou gran grupo.

Usar en clase o debate e a discusión de ideas como maneira de aprender e outra das metodoloxías usadas, incidindo nas competencias sociais e cívicas, de comunicación e de iniciativa. Tamén se propón a explicación dun alumno ó resto da aula da resolución de exercicios ou de cuestións, fomentar o uso da palabra en público.
Pídese recoller, en clave metodolóxica, (sempre que sexa posible) os traballos de investigación e elaboración propia en formato dixital. En concreto se pedirá ó alumnado a elaboración dos traballos cun editor de textos e o seu envío (desde o instituto ou desde outro lugar conectado a Internet) a través de Edixgal ou da aula virtual. Nos casos pertinentes usaranse programas a maiores do editor de texto, como follas de cálculo, programas de presentación de diapositivas. Isto ten como obxectivo que se afiancen as habilidades en relación coa competencia dixital.
Analizar cómics, revistas, documentais ou películas relacionadas coa materia, proxectadas previamente na aula.
Ligar a información proporcionada e os contidos da materia á contorna do alumnado axuda ó seu desenvolvemente cultural, á capacidade de iniciativa e emprendemento sobre o seu propio medio para transformalo e a valorar a cultura propia e alleas.

**4.2. Materiais e recursos didácticos**

| Denominación |
| --- |
| Diapositivas de cada unidade (elaborados pola profesora). |
| Manuais e recursos web de ampliación. |
| Edixgal e Aula virtual do centro en webs dinámicas. |
| Plans, proxectos e programas de centro. |
| Aula de referencia, Aula de informática e Biblioteca. |
| Actividades complementarias. |
| Servizo de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu. |

O desenvolvemento da materia de Economía e Emprendemento ten lugar na aula de referencia de 4º ESO, na cal dispoñemos de pizarra dixital.
Material impreso ou dixital necesario para o desenvolvemento do curso: empregaranse diapositivas elaboradas por a docente para presentar os

contidos así como novas de interés, datos a analizar etc. Ademáis, para o desenvolvemento da unidade poden empregarse adicionalmente follas de traballo, boletíns de exercicios, fragmentos de libros, cómics etc, que serán entregados por a docente en formato físico ou dixital a través de edixgal ou do campus virtual.

Medios audiovisuais complementarios: o vídeo será un elemento de apoio para reforzar as explicacións a través de fragmentos de documentais, películas, videos de organismos oficiais como a OMC etc.
Novas tecnoloxías: empregaranse medios dixitais para levar a cabo tarefas de investigación e tratamento de datos.
Recursos literarios: empregaranse cómics e fragmentos de novelas para traballar contidos do curso e acadar as competencias clave a través da súa lectura, análise e/ou debate.
Programas pedagóxicos: solicitarase dende o departamento a participación en diferentes programas vinculados á temática da asignatura como o programa "Global Money Week" un programa de divulgación de información sobre finanzas que permite acceder a videoconferencias de organismos oficiais, participar en concursos con outos centros etc.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Coa avaliación inicial preténdese ter unha idea do grao de adquisición das competencias clave no que se atopa o alumnado, ben a comezo de curso ou, no seu caso, ao comezar unha unidade didáctica. É necesario identificar o punto de partida para telo en conta no proceso de ensino-aprendizaxe.
Lévanse a cabo os seguintes procedementos de avaliación inicial:
-Cuestionario inicial que pode ser oral ou escrito, ao inicio de curso para detectar o nivel de partida en canto a coñecementos básicos de economía e finanzas.
- Avaliación oral inicial ao comezo de cada unidade didáctica. A través dunha imaxe representativa dos contidos ou dunha serie de preguntas abertas o estudantado comentará a través dun breve debate inicial qué sabe sobre ditos contidos.
- Consulta, caso de ser necesario, co Departamento de Orientación e outros departamentos. En certos casos hai carencias en certas competencias con orixe en situacións fóra da escola e necesítase o apoio dos outros departamentos do centro para realizar o correcto diagnóstico inicial.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 6 | 6 | 6 | 6 | 6 | 7 | 7 | 7 | 7 | 7 |
| Proba escrita | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 |
| Táboa de indicadores | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 7 | 7 | 7 | 7 | 7 | 100 |
| Proba escrita | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | **60** |
| Táboa de indicadores | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | **40** |

**Criterios de cualificación:**

Realizaranse tres avaliación que poderán ser recuperadas. Para ter superada cada unha das avaliacións o alumno deberá acadar como mínimo un 5. A cualificación dos alumnos en cada avaliación calcularase sumando a cualificación acadaba nos contidos conceptuais e procedementais ( despois de que se lle aplicase o porcentaxe de ponderación correspondente) e restando a cualificación negativa acadada nos contidos actitudinais no caso de que a houbese.
Cualificación dos contidos conceptuais e procedementais
Probas escritas (60% da nota da avaliación): Farase duas probas parciais en cada unha das tres avaliacións. Cada proba cualificaranse sobre un total de 10 puntos. Indicarase do valor asignado a cada pregunta. A proba consta de dúas partes, unha parte práctica e unha parte teórica. Calcularase a media aritmética das probas escritas no caso de que conten co mesmo número de unidades, e a media ponderada en caso contrario, sendo o factor de ponderación o número de unidades que se avalían en cada parcial dividido entre o número total de unidades vistas nesa avaliación. A media obtida multiplicarase por 0,60 para ponderar o peso destes contido na nota da avaliación. Para determinar a cualificación obtida en cada proba terase en conta que o contido das respostas sexa correcto, axustado ao preguntado e completo, que estea debidamente razoada, a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía económica e o emprego de exemplos adecuados. A hora de determinar o grado de desenvolvemento dos exercicios teranse en conta, tanto as interpretación, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Tamén se terá en conta a presentación. A calificación de cada proba escrita debe ser de como mínimo 4 puntos, de non ser así a materia figurará como suspensa coa calificación numérica que resulte da media entre ambas probas se é suspensa, e se resultase ser un número superior a cinco, pero incumplindo este requisito, sería de 4 puntos. Se nalgunha destas probas se empregan materiais non permitidos a proba cualificarase con cero puntos.
Traballos e actividades (40% da nota da avaliación): Será preciso que estes traballos se entreguen en forma e plazo para ser avaliados. De non ser entregados na data indica-da, non se terán en conta para a avaliación. Para determinar a cualificación obtida en cada traballo e/ou activiades terase en conta que o contido (axustado ao preguntado e completo, que estea debidamente razoado), a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía económica e o emprego de exemplos adecuados. A hora de determinar o grado de desenvolvemento dos exercicios teranse en conta, tanto as interpre-tación, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Tamén se terá en conta a presentación.
Cualificación dos contidos actitudinais: Restaránse 0,25 puntos sobre a media da avaliación por cada falta actitudinal ou punto negativo. Considerarase que o alumno incurre en falta acctiduinal e recibirá un punto negativo por ela cando mostre falta traballo na casa, mala actitude ante a materia, faltas de comportamento ou de interese por a materia.

**Criterios de recuperación:**

A recuperación dos contidos desenvolvidos nas diferentes avaliacións realizarase do seguinte xeito:
A recuperación da 1º avaliación farase ao principio da segunda avaliación.
A recuperación da 2º avaliación farase ao principio da terceira avaliación.
A recuperación da 3º avaliación farase no exame final.
A nota das recuperación calcularase igualmente que a nota da avaliación.

Haberá un exame escrito final das avaliacións suspensas ao final de curso (convocatoria ordinaria) para os alumnos que non superen unha ou máis avaliacións:
Un exame dos contidos dun trimestre: para aqueles que non superen o devandito trimestre.
Un exame global da materia para aqueles alumnos que suspendan dúas o máis avaliacións.
Para a superación da materia será imprescindible ter superadas as tres avaliacións. A nota final de curso (convocatoria ordinaria) obterase calculando a media aritmética das notas acadadas nas tres avaliacións.

No suposto de non aprobar na convocatoria ordinaria, o alumno deberán presentarse a un exame na convocatoria extraordinaria seguindo unhas indicacións que lle dará a profesora. Necesitará un 5 nesa proba para aprobar na convocatoria extraordinaria.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

A diversidade é unha condición inherente ao ser humano, polo que debe considerarse normal que o grupo de alumnos co que se traballa sexa diverso. O docente ten que dar resposta a esta diversidade de alumnos e, de feito, a atención á diversidade é un dos piares básicos nos que se sustenta o actual sistema educativo.

A diversidade humana esixe un conxunto de respostas educativas para que a súa atención non se limite á integración física, senón que avance cara a un modelo de integración funcional que responda ás necesidades educativas de cada alumno. Por unha banda, debe considerarse que o traballo co alumnado debe ser realizado, de forma paralela e complementaria, tanto polo profesor-titor como por cada un dos profesores nas actividades ordinarias co apoio do Departamento de Orientación. Non obstante, na programación non contamos con alumnado con necesidades educativas de apoio específico, polo que atenderemos a diversidade a diferentes ritmos de aprendizaxe, motivacións e intereses.

A atención á diversidade do alumnado en relación coas diferentes aptitudes e ritmos de a aprendizaxe na aula contémplase a tres niveis: na programación da aula, na metodoloxía e materiais.

Atención á diversidade na PROGRAMACIÓN.
A programación que se presenta debe ter en conta que non todos os alumno/as adquiren en mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos que se tratan. Polo tanto, debe realizar de forma que se garanta un nivel mínimo para todo o alumnado ao final do curso. Ofrece varias oportunidades para recuperar contido non comprado nese momento. Polo que podemos concretalos nas seguintes medidas:
- Adaptar a secuenciación e organización dos contidos ás peculiaridades da clase.
- Adaptar os criterios de avaliación ás necesidades da aula, aclarando o tipo e grao de aprendizaxe.
- Organizar a avaliación, utilizando diversos procedementos e instrumentos de avaliación.

A atención á diversidade na METODOLOXÍA, debe estar presente durante todo o proceso de aprendizaxe e levar ao profesor a:
- Detectar os coñecementos previos do alumnado ao comezo dun tema.
- Asegurarse de que os novos contidos matemáticos que se van adquirir se conecten
coñecementos previos e sexan adecuados ao seu nivel cognitivo.
- Fomentar que a velocidade de aprendizaxe sexa determinada polo propio alumno.
- Organizar espazos e tempos.
- Utilizar estratexias para centrar a atención do grupo cara a aspectos relevantes para o proceso. Entre outros poden ser: proporcionar información ("Mira, isto é importante"), destacando algún contido con entoación, xestos ou

movementos; reiterando información, introducindo pausas e cambios de ritmo no dinámico.
- As actividades de ensino e aprendizaxe adaptaranse ás necesidades do alumnado, de tal xeito que coas súas capacidades poidan participar ó máximo en eles. Isto pódese conseguir empregando diferentes linguaxes para expresar mesmo conceptos, dedicar máis tempo aos estudantes que máis o necesitan, ofrecer actividades relacionadas coa vida real e que axuden ao alumno a facelo comprender mellor os conceptos.
- Tamén proporemos diferentes niveis de esixencia, sobre os mesmos contidos,organizando diferentes tipos de actividades e ofrecendo diferentes motivacións paraos diferentes alumno/as.
- Deseñaranse actividades amplas, que teñan distintos graos de dificultade e diferentes tipos, incluíndo actividades de extensión que son traballadas por aqueles alumnos do grupo que avanzan a un ritmo máis rápido do previsto, e o actividades de reforzo que van destinadas a aqueles alumnos que presenten a taxa de aprendizaxe máis lenta.

En relación cos MATERIAIS, a atención á diversidade realizarase de acordo co seguintes pautas:
- Organizar os materiais, seleccionando aqueles que poidan ser empregados polo alumnado, adaptando os de uso común e situándoos de forma que teñan acceso autónomo.
- Nos libros de texto que utilizamos hai exercicios con diferentes graos de complexidade, que permite traballar os mesmos contidos con niveis ou esixencias diferente. Tamén hai exercicios denominados actividades de reforzo e afondando, que para a súa resolución os mesmos contidos e procedementos que outros exercicios, pero tamén require unha habilidade para relacionarse entre os ditos contidos e a xestión de estratexias para a súa resolución.
- Para que o alumnado comprenda mellor os contidos que se traballan na clase, facilitaralles o maior número de recursos didácticos: material de apoio, imaxes, esquemas, etc.
Se se detecta algunha dificultade nalgún dos alumnos ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe, realizaranse as correspondentes adaptacións non significativas.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - A igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | UD 15 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - A igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - A creatividade | X | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores quesustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Participación no programa global money week e finanzas para mortais | Programas de divulgación de contidos financeiros | | X | X |
| Scape room | Juego de resolución de acertijos de economía y finanzas | | X | X |
| Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións. | Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado. | X | X | X |
| Blog financeiro | Creación de artigos ou posters de interese para dar a coñecer conceptos de economía a compañeiros de outros cursos. | X | X | X |
| Actividades de gamificación | Kahoot, Pasapalabra, xogos de mesa... | X | X | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro. |
| Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia. |
| Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa. |
| Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación. |
| Procura a transparencia do proceso de avaliación. |
| Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr. |
| Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos. |
| Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases. |
| Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. |
| Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino. |
| Metodoloxía empregada |
| Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado. |
| Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público. |
| Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade. |
| Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquedanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas. |
| Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos. |
| Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo. |
| Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado. |
| Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas. |
| Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades. |
| Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos. |
| Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente. |

| |
|---|
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía. |
| Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. |
| Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo. |
| Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias. |
| Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión. |
| Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados. |
| Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado |
| Establece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias. |

**Descrición:**

A calidade do proceso de ensino e da práctica docente é unha función que depende de factores moi diversos e todos eles relacionados en maior ou menor medida. Por iso é necesario incluír moi diversos indicadores de logro que dean unha idea acerca de se o proceso de ensino e a práctica docente se acercan á excelencia ou ben son deficientes.
Indicadores de logro para avaliar a práctica docente de cada unha das unidades didácticas do curso:
Cumprimento da programación
% de unidades didácticas impartidas ata a data sobre o total de unidades didácticas programadas ata tal data. O 100% supoñería un grao de cumprimento perfecto e unha adecuación á temporalización exacta.
% de actividades realizadas en cada unidade didáctica sobre o total de actividades propostas. O 100% supoñería un grao de cumprimento da temporalización perfecto. Cociente número de sesións dedicadas a cada unidade entre o número de sesións destinadas a priori Adecuación das actividades propostas ás necesidades do alumnado.
% de actividades de cada unidade superado con éxito por polo menos o 50% do alumnado.
% de actividades de cada unidade superado con éxito por polo menos o 75% do alumnado.
% de actividades de cada unidade superado con éxito por polo menos o 90% do alumnado Grao de adecuación das metodoloxías ás necesidades do alumnado
Número de metodoloxías activas empregadas entre o total de metodoloxías contempladas na programación
% de participación do alumnado en actividades de Role-Play (nº de alumnos que participan sobre o total de alumnos da clase) % de participación do alumnado nos debates (nº de alumnos que participan sobre o total de alumnos da clase).
% de participación do alumnado nas lecturas a través do método Lipman (nº de alumnos que participan sobre o total de alumnos da clase).
% de participación do alumnado en actividades de traballo en grupo (nº de alumnos que participan sobre o total de alumnos da clase).
% de satisfacción sinalado polo alumnado nunha votación con escala entre ou e 100% coas actividades de Role-Play.
% de satisfacción sinalado polo alumnado nunha votación con escala entre ou e 100% cos debates.
% de satisfacción sinalado polo alumnado nunha votación con escala entre ou e 100% coas actividades de método Lipman.
% de satisfacción sinalado polo alumnado nunha votación con escala entre ou e 100% coas actividades de traballo en grupos Atención á diversidade % de medidas de atención á diversidade aplicado sobre o total de medidas propostas.
Número de novas medidas ordinarias que se crearon ao longo da unidade/ curso para complementar ás existentes.

Número de novas medidas extraordinarias que se crearon ao longo da unidade/ curso para complementar ás existentes.
% de actividades que os alumnos con NEAE non superaron con éxito a pesar de ser aplicadas as medidas propostas (indicador de fallos na adaptación das devanditas actividades) Axuste da programación #ante as necesidades do grupo Nº de veces que se modificaron actividades da programación debido a necesidades do alumnado.
Nº de veces que se modificaron o tempo asignado a actividades da programación debido a necesidades do alumnado.
Satisfacción dos estudantes
% de alumnos que mostran sentirse satisfeitos co tipo de ensino recibido (actividades realizadas, metodoloxías usadas e atención individualizada recibida)
% de alumnos que mostran sentirse parcialmente satisfeitos co tipo de ensino recibido (actividades realizadas, metodoloxías usadas e atención individualizada recibida)
% de alumnos que mostran sentirse totalmente insatisfeitos co tipo de ensino recibido (actividades realizadas, metodoloxías usadas e atención individualizada recibida)
Formas de obter a información: os nosos propios rexistros de actividades e diario do profesor (diario con anotacións das actividades realizadas en cada sesión. Cuestionarios a Google e dianas de avaliación anónimas cubertas polo alumnado. Aplicacións informáticas usadas: cuestionarios de Google e follas de cálculo. Actualización dos datos ao termo de cada unidade didáctica. Creación dun informe de resultados ao termo de cada avaliación e un xeral ao termo do curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

- Rúbrica de autoavaliación.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## 9. Outros apartados